

O ministro de Xustiza Alberto Ruiz Gallardón estará presente no mitin do PP en Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 15 Outubro 2012 15:07



O Partido Popular anuncia a presenza do ministro de Xustiza, Alberto Ruíz Gallardón nun mitin a celebrarse este martes en Nigrán. O actual membro do Executivo español, acompañará ao alcalde popular Alberto Valverde no acto electoral que terá lugar no Hotel Miramar ás 17 horas.

O anuncio foi realizado polo gabinete de prensa do PP de Nigrán no medio día deste luns 15 de outubro, en carácter de convocatoria á prensa. Estase á espera da habitual previsión de axenda do PP provincial, co xeito de coñecer a presenza de outros dirixentes do partido que participarán do mitin.